• Accion directa, executado pola Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, coa colaboración da Dirección Xeral de Servicios Sociais da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.

• Acción concertada en colaboración cos concellos galegos.

• Acción concertada en colaboración con empresas.

As solicitudes para a modalidade de acción directa presentaranse, acompañadas do resto da documentación, nas entidades galegas dos países de destino da convocatoria que teñan recoñecida a galeguidade ou que estean consideradas como colaboradoras. Nas modalidades de en colaboración con concellos e empresas presentaranse nos centros que estas entidades designen.

O prazo de presentación de solicitudes para acción directa remata o día 31 de Marzo de 1996.

Nas modalidades de colaboración con concellos e empresas presentaranse no prazo que estas entidades designen.

Cursos de terapia ocupacional

Teñen por obxecto promove-la realización de accións que posibiliten a creación de grupos de persoas da terceira idade de orixe galega residentes no exterior para o desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes con finalidade de carácter terapéutico e formativo. Os centros galegos enviarían a documentación esixida á Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas (Casa da Parra, Praza da Quintana. 15704 Santiago de Compostela. A Coruña).

Plan de Accións formativas

Programa de axudas para estudios universitarios destinadas a emigrantes galegos ou ós seus descendentes.

A finalidade deste programa é potencia-la realización de estudios universitarios, nas facultades e escolas técnicas medias e superiores de Galicia, polos Galegos, os seus fillos e netos, que non teñan rematada a súa primeira carreira, residentes no estranxeiro, con especiais aptitudes para o estudio e carentes de medios económicos suficientes, para acadalo seu primeiro título universitario.

Este programa poderá ser obxecto de acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

As solicitudes, xunto coa documentación correspondente, deberán ser enviadas á Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas (Casa de Parra. Praza da Quintana. 15704 Santiago de Compostela. A Coruña).

O prazo de presentación é ata o 31 de marzo de 1996, nus casos e noutros ata o 20 de xullo ou 30 de setembro de 1996✓

Fuente: Alén

CR Estudio Carolina Roig
FOTOGRAFIA INTEGRAL
• CASAMIENTOS
• CUMPLEAÑOS
• CONVENCIONES
• RETRATOS
• PUBLICITARIA
Pasteur 42 • 7° "B" (1028)
Tel.: 951-9854• 799-1452

Adhesión del Estudio de Abogacía
Boente Rodríguez y Asociados
Buenos Aires (1020)
Rodríguez Peña 434 3°
Tel. 371-5956 y 374-6763
Fax: 374-6763
Madrid (28013)
Gran Vía 43 8° G
Tel. 541-0444
Fax 541-0444

Otero
INDUMENTARIA
Rivadavia 2304 / Tel. 952-4520
Av. Corrientes 1117 / Tel. 382-4666
Santa Fe 4486 / Tel. 773-5345
Rivadavia 2582 / Tel. 952-3367
Juan Bautista Alberdi 6201 / Tel. 687-7608

Biblioteca de Galicia

Alá onde se atoparon máis de dous galegos xurdiu unha sociedade, unha Casa de Galicia ou un centro galego. Da súa solidariedade e altruismo, vostedes, os veciños de alén mar, son boas testemuñas.

Identidade humana e cultural de Galicia

Por O Vigario de Vilar

O que hoxe se considera Galicia é un país pequeno de 29.434 kilómetros cuadrados e dous millóns e medio de habitantes aproximadamente, núcleo principal da *Gallaecia romana*, situada ó noroeste da península ibérica -xusto por riba de Portugal, co que ata o século XII formou unha soa realidade política e cultural- na concorrencia do océano Atlántico e o mar Cantábrico.

1- A realidade socio-económica

Froito de diversos plegamentos (moi particularmente o hercínico e o alpino) o solar galego é un territorio con características diferenciais do resto de España:

■ Aillado do espacio peninsular polos montes Durienses (Manzanar e Pedrafita por León Padornelo e A canda por Zamora) Galicia ábrese ós dous mares coma unha gradeiría irregular e en abano, entre a recia nervatura de montañas enmárcanse profundas depresións tapizadas de frondosas fragas de carballos, castañeiros, vidueiros, eucaliptos, piñeiros..., verdes pradeiras e ríos de profundas canles e rápidas correntes que contrastan cos cereais, viñas, millo, patacas e nabos dos seus altiplanos e pequenas veigas. Esta máxica gradeiría vólcase en fermosísimas ensenadas nas que os seus abundantes ríos se funden co mar nas chamadas "rías", armoniosas e tranquilas ás veces, como o son as do sudoeste, outras abruptas e aínda procelosas como o son as do norte mirando ó Cantábrico.

■ De clima sen dúbida variado (con temperaturas medias que oscilan entre os 8 e 14 graos), pero polo xeral temprado, baixo un ceo pouco estable no que o tímido sol semella ter contraido vínculo eterno con nubes arrogantes como matronas. Asomarse ó solpor dun día calquera nas Rías Baixas é un espectáculo de lembranza imborrable.

■ Cunha poboación que se no Neolítico tiña ó redor de cinco mil castros e no século XVI era xa de millón e medio de habitantes, na actualidade acada algo máis de dous millóns e medio en recesión e notable envellecemento (sobre todo no rural), divididos a partes máis ou menos iguais entre a cidade e o campo: sete cidades, 314 concellos e preto das 3.800 parroquias, cun promedio de dúas e media aldeas cada unha, ademais doutras unidades de poboación, ainda máis pequenas, que en conxunto poden chegar ó redor das 32.000. Un total de 31.882 entidades de poboación, que superan o 34% das España, fálannos do enorme espallamento dunha comunidade humana que non vai máis aló do 6% do conxunto da poboación española.

Obviamente, a súa densidade varía moito, dende por exemplo 20 habitantes por kilómetro cadrado en Fonsagrada a 200 como ten Cambados, sen conta-la espesura demográfica de cidades como A Coruña ou Vigo con máis de 6.600 e 12.000 persoas por km.2, respectivamente.

■ Cun "modus vivendi" precario, eminentemente agrario e/ou pesqueiro, con só un 21% dedicado á industria e moi escasa exploración mineira a rendabilidade per cápita de Galicia é baixa, sen que ningunha das súas catro provincias acade a media nacional, se ben é de recoñecer que nos últimos decenios esa renda atópase á alza.

Alguén poderá preguntarse, e con moita razón, como se explica que a "dives Gallaecia" (rica Galicia) dos romanos non mane hoxendía leite e mel. ¿Son os galegos folgazáns?, de seguro que non. O que sucede é ben sinxelo:

• O minifundismo das súas terras, que comeza xa no século XVII cando o latifundismo eclesiástico e nobiliario se derrumba: os galegos vanse facendo propietarios das terras que traballan pero ó tempo convértense en escravos do fisco, o que lles obriga a emigrar.

• A decadencia dos pazos que fai que quen aínda podía ofertar traballo salla de Galicia, deixando as súas propiedades abandoadas (as familias dos Andrade, os Monterrei, os Lemos...)

• A fuga dos brazos máis fortes e os cerebros máis eminentes que marchaban crear riqueza fóra.

■ Cunha lingua propia, romance corna o castelán (lingua oficial da comunidade hispana), o catalán, o francés, o italiano, o portugués, o rumano... perante a cal se xenera unha estructura de pensamiento diferencial da de outras comunidades lingüísticas.

■ Aínda con ser Galicia o "Finisterrae", a "Terra relegata", unha terra lonxana, aillada, insularizada, a riqueza dos seus campos e os seus mares atraeu no decorrer dos tempos a diferentes povos ós celtas nó século VI antes de Cristo, ós romanos no II despois de Cristo, ós suevos no V, ós árabes ben entrado o VIII, ós franceses, ingleses, holandeses, turcos e berberiscos que, contra finais do XVI e principios do XVII, viñeron sementando o terror nas súas costas, e os exércitos de Napoleón ó comenzo do XIX. Isto sen contar coa súa persistente e férrea dependencia de Castela e o brutal centralismo dos Austrias e os Borbones, que converteron Galicia en terra historicamente asoballada, é dicir dependente e diezmada.

2- Aspectos connotativos da personalidade modal do povo galego

Todos estes factores xeográficos, sangue, lingua e sincretismo de culturas son elementos modeladores, acrisoladores da personalidade modal de Galicia, da súa alma colectiva, así e todo homoxénea e perfectamente definida e diferenciable de calquera outra da Península Ibérica. Entre as súas notas esenciais merecen ser salientadas as seguintes, ás veces contradictorias e non doadas de explicar, e que adoita ser no rural onde máis xenuinamente se conservan.

1º) O galego é un pobo con rudeza de costumes, de peculiar conservadurismo, por mor sen dúbida da súa condición xeográfica secular aillamento, capaz de facer pervivir os seus castros e a cultura castrexa coas "villae" e culturas romana e sueva, onde máis perdurou o románico, onde as tradicións son sagradas, onde se segue a votar conservadurismo. Todo isto sen perxuizo de que fora xenerosa e tributaria de cerebos a outros povos e culturas, dende o Papa San Dámaso a Alfonso X, dende Gaspar de Zúñiga e Acevedo, conde de Monterrei, ata Francisco Gil y Lemos, virrei de Nuevo Reino de Granada e de Perú.

2º) De profundo, case moboso sentimentalismo, xurdido do seu exaltado lirismo, froito á súa vez da vivencia nun medio favorecedor. As manifestacións máis importantes ó respecto son a súa melodiosa lingua, a súa poesía lirica, a súa música de ritmo vago, unida indefectiblemente ó canto, como xa no século XIII fixera Martín Codax, o seu romanticismo, a súa morriña e a súa saudade que fan que o galego fóra da súa Terra se sinta máis galego e manteña sempre vivo o facho do seu retorno.

3º) De irresistible vocación migratoria e espíritu errabundo, resultado de moitas continxencias:

• A incontible tracción que exercen sobre el os camiños do mar, que os fai inquedos exploradores.

• A súa convicción existencial de pertencer a unha terra menesterosa, con escaseza de terras e exceso de colonos, que pon tralas súas fronteiras a súa arriscada esperanza, dende ó século IX en que se lanzaron a repoboar terras ermas pola Reconquista ás máis recentes emigracións a Europa, pasando polas seituras en Castela, dende o XVI, e, por enriba de todo, a emigración a América Latina a partir do XIX.

4º) Aínda que tildados de individualistas, feitos históricos son testemuño inequívoco de que os galegos teñen unha alma colectiva solidaria e fondamente democrática:

* Os fornos de coce-lo pan, as airas ou enxidos e os traballos comunais das mallas, das lonxas, das sementeiras e colleitas, das matanzas, etc.

* As bandeirías galegas que raras veces tiveron caudillos como líderes institucionais: pola contra estes emerxían democraticamente dos "consellos" ou asambleas populares; o povo loitaba, e se procedía, capitulaban colectivamente, mesmo en levantamentos e axitacións antinobiliarias (como a dos irmandiños a mediados do século XV).

* Aínda en plena dictadura de Franco funcionaban os alcaldes de aldea, "vigairos", democraticamente elexidos en asamblea, gobernando no nome do vecindario.

* Alá onde se atoparon máis de dous galegos xurdiu unha sociedade, unha Casa de Galicia ou un centro galego. Da súa solidariedade e altruismo, vostedes, os veciños de alén mar, son boas testemuñas.

5º) Aberto, receptivo e hospitalario (Galicia corresponde así a quen da mesma maneira a recibe), é así e todo visceralmente receloso do poder, que sempre gobernou dende fóra a través do asoballamento dos caciques, alieníxenas e depredadores.

6º) Cunha enorme capacidade de adaptación, o galego é, non obstante, nostalxicamente adorador da súa terra á que sempre confía en voltar.

7º) Pacífico e resignado. Non esquezamos que malia de ter sobrevivido durante milenios en constantes guerrillas tribais (tense coñecemento na actualidade de máis de catro mil castros celtas dende os que, a modo de atalaias se vixiaban os uns ós outros). Non esquezamos o feito de que gobernando Galicia durante séculos o mundo hispánico cos seu virreis e adiantados, os galegos na súa terra gobernados por foráneos, menospreciados e vilipendiados, fixo que chamarile galego a un fóra de Galicia fose sinónimo de cobardía, dende a moda literaria do século XVII, confundindo se cadra a súa capacidade de adaptación coa cobardía. Non é por exemplo estrano o seu devaneo entre ese morboso amor á súa terra e un evidente autoodio a moito do seu, sen esquece la lingua, tan agarimosamente conservada como vehículo de expresión dende o século XVI en que comezou a ser minada polos Austrias.

8º) Crente e piadoso, Galicia funde nas súas crenzas populares gracia divina e natureza, loor e esperpento, amor á vida e culto ós mortos (a Santa Compaña e San Andrés de Teixido son míticos pero louvados intentos de non se separar dos seus mortos).

9º) Da súa laboriosidade, constancia e aforro ¿que se pode engadir que non sexa apuntar que a súa tradición matriarcal elevou a cotas de dureza nunca superadas noutras terras o traballo da muller, capaz de se enfrontar á vida cos seus fillos e anciáns a centos e miles de kilómetros de distancia do seu home?. A Santiña de Asorey na Casa de Galicia de Montevideo é a subilmada e máis perfecta expresión desta realidade.

10º) Se no terreo político Galicia non tivo unha grande relevancia, no cultural a súa importancia foi sempre constante: a gran creación cultural galega é a súa lingua, capaz de vehicular a identidade colectiva, mesmo desa comunidade galega de alén mar. Pero hai máis, dende a cultura megalítica coas súas mámoas ou medorras espalladas por toda Galicia, como homenaxe ós seus mortos, mentres os vivos moraban en pallozas, dende a cultura castrexa do ferro e a arte romana, a arte cristiá (visigótica e moi peculiarmente a románica), os múltiples mosteiros cluniacenses e cisterciences... sen esquecer a arquitecura autóctona, a ilustración con Feijoo e Sarmiento ata chegar ós centos de persoeiros galegos que fixeron patria en territorios foráneos, abrindo novos vieiros no campo da literatura, a ciencia, a política, a educación, a arte... Galicia supuxo sempre un alicerce, cando non o cénit das creacións ibéricas de tódolos tempos.

Hoxe, ela segue a estar tamén presente por medio dos seus fillos, netos e biznetos nos lugares máis insospeitados do mundo, situada nas máis altas esferas. Entrementres, a Terra matria sen perde-las raíces que lle confiren identidade de seu, afronta o futuro esperanzada polo camiño da modernidade, abríndose e proxectándose ó exterior a traverso da música, a moda, a creación literaria, os productos autóctonos, a investigación e o traballo silandeiro que foi deixando un pouso fecundo e denso ó longo dos séculos ✓

Notas bibliográficas

GRAN Enciclopedia Gallega. Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, Vol. XV, s.v. "Galicia"
VV.AA.: Galicia Eterna. 2 vols. Barcelona, Edics. Nauta, 1984
VV.AA.: Galicia Vitoria, Fundación Juan March, 1976
VILLARES, R.: Historia de Galicia, 2 tomos. Santiago de Compostela, El Correo Gallego, 1991.

Biblioteca de Galicia

AS PROTESTAS CONTRA A 'ESO' PERCORREN TODA GALICIA

Corme paralizouse onte pola tarde, solidarizándose coa protesta do APA do colexio público As Forcadas ó Proxecto á Rede de Centros, que contempla o traslado dos alumnos do primeiro ciclo de secundaria, ó IEPS de Ponteceso. A esta protesta hai que unirlle outras como a dos profesores de Pinguela e os veciños de Vicedo en Monforte e O Incio en Lugo.

Santiago (Axencias)- Representantes dos pais de alumnos de Corme concentráronse ante a sede do parlamento Gallego e ademaís, os alumnos non acudiron a clase, nin o farán ata novo aviso. Por outra banda o alcalde do Inicio, o popular Angel Camino, manifestou que abandonará o PP se non se teñen en conta as alegacións presentadas ó Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), nas que entre outras cousas, se contempla imparti-lo primeiro ciclo da ESO. O concello do Incio, presentara as súas alegacións á ESO o primeiro día en que se abriu o prazo. O concello de Incio non recibiu aínda contestación dos responsables de Educación das alegacións presentadas contra a ESO, polo que o seu alcalde anunciou que mañá martes e o próximo xoves se celebraran neste municipio senllas mobilizacións que paralizarán a actividade académica e que serán secundadas polo comercio que pechará unha hora.

Lugo (Efe)
O portavoz do Grupo Socialista na Deputación de Lugo, Luis Angel Lago, considera que as mobilizacións dos distintos concellos de Lugo, á fronte dos cales hai alcaldes do PP, reinvindicando a ESO, poderían estar motivadas para abrir unha terceira vía de sucesión a Fraga, por medio do presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro Pardo. Lago, no transcurso dunha rolda de prensa, afirmou que a problemativa en torno A ESO en Lugo "se esta utilizando unicamente con motivos partidistas" e non descarto que "sexa unha nova batalla na guerra de sucesión de Fraga, unha batalla para beneficiar a unha única persoa que pode ser unha terceira vía de sucesion encarnada polo señor Cacharro Pardo" ✓

Fuente:
Correo Galego Internet
29/03/96

A Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, que dirixe Fernando Amarelo de Castro, e maila empresa editora de EL CORREO e O CORREO acometen un gran proxecto a prol do achegamento dos galegos de todo o mundo a través da canle que brinda Internet.

A edición electrónica dos "Correos" pode ser decisiva nas relacións coa Galicia exterior

Santiago: Na secretaría que dirixe Amarelo de Castro estáse concretando a posibilidade de subministrar información de interese para os galegos na diáspora mediante a redes informáticas, á que teñen acceso uns 40 millóns de persoas en todo o mundo, Internet. Relacións coas comunidades galegas pretende deste xeito aproveitala circunstancia de que os xornais da capital de Galicia emiten xa unha versión electrónica a través desta canle.

Segundo puxo de relevo Amarelo "trátase de conseguir un intercambio fluído de información entre a Galicia interior e exterior de acordo coa proposta manifestada en máis dunha ocasión polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, de enlazar ámba las dúas comunidades.

Amarelo de Castro, que salientou o grande entusiasmo que esta iniciativa pioneira espertou na secretaría da que é responsable, aclarou que "o proxecto está encamiñado a que o maior número de centros, casas galegas espalladas por todo o mundo poidan acceder ós diarios da capital de Galicia".

O departamento de Amarelo de Castro fomenta a comunicación a través desta canle

Dotación tecnolóxica

Neste sentido, o responsable das relacións coas comunidades galegas subliñou a necesidade de dotar tecnoloxicamente a estas asociacións co gallo de que poidan conectarse á maior das autoestradas da información.

Isto suporía, segundo Amarecontar con certo material: un ordenador -PC ou Macintosh-, un módem e unha liña telefónica normal, amén do imprescindible enganche á rede a través dunha das empresas que a brindan.

"En breve poremos en marcha unha enquisa entre os responsables dos diferentes centros para que amosen a súa impresión en relación con este poxecto así como as posibilidades reais coas que poderían contar á hora de materializalo.

O seguinte paso será cómo artellar esta comunicación interactiva entre Galicia e os seus "fillos do exterior", labor para o que contamos coa iniciativa de Editorial Compostela, informou o secretario de Relacións coas comunidades Galegas.

Asemade Fernando Amarelo sinalou que en total será tres millóns de galegos espallados por tódolos puntos do planeta os que estarían en disposición de poñerse en contacto diario, a través dos xornais EL CORREO GALLEGO e O CORREO GALEGO, coa realidade da súa terra e das súas familias.

"Este novo camiño, que transcende tódolos medios coñecidos ata agora, lévanos cara unha galeguidade sen límites que lle dará forza á nosa comunidade e do mesmo xeito impulsará a solidariedade", insistiu o responsable das relacións coa "quinta provincia"✓

Fuente: El Correo Gallego

O director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CR-TVG), Francisco Campos, anunciou que TVG e a Radio Galega emitirán diariamente vía satélite para Europa e América a partir de 1996 e a producción de espacios para o mercado do cable. Así mesmo, admitiu que o ente público se atopa dende hai anos en "quebra técnica".

TVG emitirá diariamente por satélite no 96 e producirá para o mercado do cable

Na súa comparecencia ante a Comisión de Economía do Parlamento galego, Campos explicou os presupostos da CRTVG para o ano 96, que ascenderán a 12.332,5 millóns de pesetas, o que supón unha reducción de 57,27 millóns respecto ós deste ano. Lembrou que o 80% os orzamentos repercuten directamente sobre a economía galega en xeral e a industria cultural en particular, subliñando que o 30%, é dicir, máis de 3.000 millóns, revirten no sector audiovisual galego e outro tanto corresponde ás retribucións de persoal.

Tamén dixo que as previsións de ingresos por publicidade para 1996 estímanse en 1.740 millóns, cun incremento do 2,3 por cento.

En reposta a unha pregunta do deputado socialista Roberto Taboada, o director xeral da CR-TVG admitiu que o ente público se atopa en situación de "quebra técnica", aínda que afirmou que esta situación vense dando tódolos anos, incluso cando Taboada era membro do Consello de Administración do ente, "e se non a veu, sorpréndeme".

Para Francisco Campos, a previsión presupostaria do 96 representa unha "aposta estratéxica clara e nidia polo futuro" da radio e a televisión autonómicas a través da consolidación dun proceso de saneamento económico-financeiro, a renovación tecnolóxica, a posta en marcha do Plan Estratéxico da CRTVG ata o ano 2000, a amplicación das emisións e o desenvolvemento dunha nova liña de programación centrada na creación dun xénero de ficción propio de Galicia.

O director xeral asegurou que o ente público rematará este exercicio sen déficit e co crecemento da audiencia, o deputado Roberto Taboada respostoulle que estos presupostos son como "unha nova carta os Reis Magos", e tachou de "triunfalista" a exposición de Campos.

O Director Xeral admite que o ente público galego se atopa en "Quebra Técnica"

Ente as metas prioritarias da CRTVG, salientou Campos ó chegar á Galicia exterior mediante a emisión continuada por satélite para Europa e América, facendo tamén fincapé á realización de grellas temáticas de programación televisiva destinadas ó mercado do cable, entre as que se atoparían o fútbol e a información meteorolóxica.

Ademais, o máximo responsable dos medios públicos galegos anunciou ó apoio á realización durante 1996 de tres novas telecomedias, cun investimento de 300 millóns de pesetas, así como unha serie de animación, unha liña de documentais e a participación en películas realizadas en Galicia.

Pola súa banda, o deputado nacionalista Francisco Rodríguez criticou duramente "a falla de autonomía e independencia" da CRTVG e afirmou que os máis de 12.000 millóns de presuposto é excesivo✓

Fuente: El Correo Gallego

Biblioteca de Galicia

Cocina Galega

Facendo un analise dos distintos tratados da cociña galega, xurde con claridade a importancia que ten dentro da peninsua, non somentes pola diversidade dos froitos empregados, senon polo xeitosa, saborosa e farturenta, abranguendo un amplo espectro, cun selo distintivo vencellado as costumes do noso pobo.

E mester suliñar as diferencias que en xeral, existen entre a Galicia interior e a Galiza mariñan.

Nembargantes, no conxunto, forman unha unidade gastronomica moi gabada, na que podemos escoller a fartura dos mariscos, un bo bacallao e nin que falar da lamprea, mais logo quen pode refugar, ainda fartos, dun lacon con grelos, dun cocido ou dunha empanada de raxo con chourizo e xamón.

Cada povo, cada aldea galega ten o seu xeito e a sua receita verdadeira.

Consultando o primeiro traballo de recolleita culinaria, "La cocina practica de picadillo" obra dun persoaxe como Don José María Puga Epardo, imos atopar a mais variada mostra da nosa cociña, adobiada con poesías e un bo anecdotario, caracterísica dun povo como o galego que mantivo a sua cultura arredor da lareira o longo de catro seculos, transmitindoa de xeración e xeración.

Na actualidade son moitos os tratados de cociña galega que andan polo mundo adiante e todos dan mostra disa riqueza e variedade da que falabamos, pero tamén imos espalla-la nosa propia recolleita xa que dentro da nosa colectividade ainda atopamos xente que manten unha tradición culinaria ancestral que non podemos esquencer.

Como primeira mostra e para que degustedes as nosas delicias transcribiremos una antiga receita da provincia de Lugo.

EMPANADA DE MAZÁ CON CEBOLA

Masa

Fariña de trigo	400 gr.
Fariña de millo	200 gr.
Manteiga	200 gr.
Ovos	1 o 2
Leite	1 vasiño ou un pouco mais
Mazás	2 quilos
Cebolas	2
Azucre	
Manteiga	un pouquiño

Pór a fariña e facer un burato no meio, engadi-la manteiga mailo ovo e da pouquiño, botarlle o leite, amasar ata que teña unha boa textura, deixar repousar.

Monda-las mazás e corta-las en toradas, na tixola rustrir nun pouco de manteiga a cebola, a medio fritir engadir as mazás e o azucre. Refogar uns minutos e retiralas do lume.

Estendela primeira capa dunha tarteira axeitada, botalo recheo e tapa-la selándola sen esquence lo burato. Servi-la fría.

Victoria Besada

Correo de lectores

Las sugerencias, las opiniones o las colaboraciones que nuestros lectores nos quieran hacer llegar, serán recepcionadas en nuestras oficinas de la calle Alsina 1729 o en 24 de Noviembre 438, con los teléfonos 374-0064/1055 y 931-4033.

¿NECESITA ABOGADO?
Teléfonos
373-7727
374-5770

Confiteria
ITATI
Servicio de lunch
ELABORACION PROPIA
AV. CORDOBA 4664
Tel. 773-2882 / 773-4530
AV. LUIS M. CAMPOS 1487
Tel. 783-7909

MARROQUINERIA
Kerguelen s.a.
FERIA MUNDIAL DE CUEROS Y PIELES
EXPORTACION - IMPORTACION
TALABARTERIA - EQUIPAJES - EQUITACION
GOLF - MARROQUINERIA - INDUMENTARIA
TAPICERIA - DECORACION


FABRICA Y VENTAS: SANTANDER 745/747
Tel. 922-2801 / 2907 - Telex 18579 BECAS AR - Fax 924-4592 • Buenos Aires (1424) Argentina

Biblioteca de Galicia

O clima galego non experimentou cambios significativos nos últimos 30 anos, segundo asegurou onte o director do Centro Meteorolóxico Zonal, Jorge Sánchez Cela, en coincidencia cos actos que este organismo organizou para onte polo Día da Meteoroloxía. Doutra banda, a mostra Geoide, producida en Galicia, exponse xa en Madrid.

O clima galego non cambiou nas tres últimas décadas

A Coruña (Axencias) 29/3/96

Sánchez Cela explicou que a temperatura media global da terra subiu de 0,3 a 0,6 graos e que, nos últimos anos, se está rexistrando un ascenso de forma progresiva.

Indicou, sen embargo, que aínda non se pode determinar cómo influirá esta subida nos cambios climatolóxicos aínda que si manifestou que a emisión de gases e a destrucción da capa de ozono son dúas das razóns desta subida de temperatura. O director do Centro Meteorolóxico Zonal da Coruña manifestou tamén que as previsións apuntan a que, no ano 2050, o nivel do mar ascenderá entre 30 e 40 centímetros.

Segundo Sánchez Cela, nas cidades costeiras, como o caso da Coruña, o mar serve para frea-las subidas de temperatura que, sen embargo, se rexistran en zonas do interior. Explicou que na actualidade os partes meteorolóxicos non permiten facer predicciónns con dez días de antelación nin tampouco adianta-lo tempo que fará nunha determinada estación anque sinalou que os adiantos tecnolóxicos farán posible, nun prazo de tres a catro anos, prognostica-lo tempo dun ano a outro.

Para celebra-lo Dia da Meteoroloxía, o Centro Zonal organizou unha conferencia, a cargo do meteorólogo Maximino Casares, sobre a relación entre o deporte e a predicción do tempo, fundamentalmente para a organización de eventos deportivos, como a Vuelta Ciclista a España, os campionatos de Sierra Nevada ou os Xogos Olímpicos.

Doutra banda, fotografías e películas de paisaxes e mapas mesturadas con efectos especiais de luz, láser e son poderanse ver a partir de hoxe no Museo Ferroviario de Madrid, dentro dun proxecto do Instituto Xeográfico Nacional destinado á divulgación do mundo da cartografía.

A proxección de imaxes de distintos lugares da xeografía española servirán para explicar cómo se descifran e interpretan cada unha das liñas e detalles que aparecen nos mapas, e "ofrecer unha alternativa diferente que estimule o interese pola xeografía utilizando unha linguaxe directa e comprensible", segundo un comunicado do Instituto.

Este espectáculo audiovisual multimedia, denominado Geoide e creado polo Servicio Rexional de Galicia e o Centro Nacional de Información Xeográfica, visitou A Coruña (onde máis de 100.000 persoas acudiron a velo durante os 75 días que estivo aberto), Santiago de Compostela, Pamplona e Tenerife e permanecerá en Madrid ata o próximo 20 de abril.

As modernas tecnoloxías, a toma de imaxes desde satélites artificiais e as novas bases cartográficas numéricas vense en Geoide ✓

Promesa de éxito

El señor Florencio ALDREY IGLESIAS, es el nuevo Director General del Diario LA PRENSA. Más allá de la importancia del cargo en un medio del prestigio que ostenta una publicación reconocida internacionalmente como lo es la referida, nos place destacar que, el principal protagonista para nuestro comentario, es un gallego cuya capacidad y permanente esfuerzo, le han permitido consolidar una posición empresarial de gran magnitud, a la que solo acceden los que como él, al margen de la estadística, se determinan hacia los emprendimientos de mayor trascendencia, confiando en virtudes que han demostrado ya reiteradamente y que relevan de mayores reflexiones.

Sin embargo, agreguemos que el señor Aldrey Iglesias, es miembro del Grupo NOS de Buenos Aires y que, "Correo de Galicia", hace expresión de la total seguridad de éxito en su gestión al frente de "La Prensa", un diario que por historia y jerarquía merece nuestro mayor respeto ✓

CORREO DE GALICIA

PUBLICIDAD

Las firmas interesadas en publicar sus avisos podrán hacerlo, solicitando la visita de un promotor a los siguientes teléfonos:
624-9182, 374-0064/1055 y 931-4033

E. V. T. Leg. 5098 - D. N. T. 139/86

EUROVIAJES S.A.
le acerca el mundo

España • Resto de Europa
Estados Unidos • Turismo Nacional

Vuelo especial a Santiago de Compostela con la mejor tarifa de plaza y pagadero hasta en 24 cuotas. Consulte otros destinos

AUTO EN GALICIA O RESTO DE ESPAÑA
ALQUILER POR 23 DÍAS
RENAULT CLIO: U$S 539 • RENAULT 19: U$S 625

EUROPA PROMOCIONAL 2 X 1
21 DIAS RECORRIENDO ESPAÑA, FRANCIA E ITALIA CON DESAYUNO 2 PERSONAS
U$S 2799

CARIBE
8 DIAS - PASAJE AEREO - TRASLADOS
CANCUN **U$S 878**
ST. MAARTEN **U$S 921**
MARGARITA **U$S 700**

MIAMI • ORLANDO
4 NOCHES MIAMI
8 NOCHES ORLANDO
AEREO.
HOTEL ****
AUTO KM. LIBRE
YSEGURO.
U$S 859 PLAN FAMILIAR
U$S 1060 BASE DOBLE
PLAN FAMILIAR HASTA 12 CUOTAS DE U$S 62.72 + U$S 86 CASH

BRASIL
RIO. 5 NOCHES
HOTEL SHERATON - AEREO
U$S 425
BUZIOS. 5 NOCHES
ALOJAMIENTO - AEREO
U$S 425

CATARATAS
4 DIAS 3 NOCHES
AEREO. TRASLADOS.
ALOJAMIENTO HOTEL ***
1/2 PENSION **U$S 275**
6 DIAS Y 3 NOCHES
BUS- ALOJAMIENTO
HOTEL *** 1/2 PENSION
+ 06 EXC. **U$S 143**

BARILOCHE
6 DIAS. 5 NOCHES
AEREO. TRASLADOS.
ALOJAMIENTO HOTEL ***
1/2 PENSION
U$S 406
10 DIAS 7 NOCHES
BUS - ALOJAMIENTO
HOTEL ***1/2 PENSION
U$S 278

Consulte todos los destinos del mundo

También disponemos de:
EURAIL-PASS • BRITAIL-PASS
EMISION DE PASAJES EN EL ACTO
CRUCEROS A TODO DESTINO
ALQUILER DE AUTOS EN TODO EL MUNDO

EUROVIAJES S.A.

WHOLESALERS TOUR OPERATORS
Av. Belgrano 1876 (1094) Buenos Aires
Telefonos 381-9866 / 0943 y 383-3684

Biblioteca de Galicia